



Galicia

**LOITA polo TEU ÚNETE**

## CONCENTRACIÓN DOS TRABALLADORES E TRABALLADORAS DE ALCOA FRONTE AO CONGRESO

**Redacción.-** Centos de traballadores e traballadoras dos centros de Alcoa en Avilés e A Coruña desprazáronse ata o Congreso dos Deputados para esixir ao Goberno o cumprimento dos compromisos adquiridos no seu día para lograr o mantemento da actividade industrial das plantas de Alcoa da Coruña e Avilés. Paralelamente, reclamaron a modificación do proxecto de Real Decreto de Estatuto de Consumidores Electroatintensivos para garantir ás empresas hiperelectroatintensivas o acceso a unha tarifa enerxética competitiva con relación aos países da nosa contorna.



Arroupados polos berros unánimes de "Alcoa non se pecha!", os membros da Comisión de Seguimento do ERE de Alcoa e os representantes das Seccións Sindicais de UGT en Alcoa A Coruña, Fito Paseiro, e Alcoa Avilés, Daniel Cuar-

tas, mantiveron unha rolda de reunións co secretario de Estado de Industria e cos distintos grupos parlamentarios para informarlles da situación actual das plantas afectadas e solicitar o seu apoio na loita que manteñen os traballadores en defensa dos seus empregos.

A este respecto, o secretario de Política sindical de UGT, Gonzalo Pino, reclamou ao Goberno que cumpra co seu compromiso de dar unha solución viable a Alcoa e conseguir o mantemento do emprego antes do 30 de xuño.

## UGT FICA MANIFESTA AO DIRECTOR XERAL DE INDUSTRIA O SEU REXEITAMENTO ABSOLUTO AO PECHE DE POLIGAL EN NARÓN

**Redacción.-** Unha delegación de UGT FICA, encabezada polo seu secretario xeral en Galicia e polo presidente e secretario do Comité de empresa, Rafael Soto e José Manuel Varela, respectivamente, reuniuse este mércores co director xeral de Industria do Ministerio de Industria, Galo Gutiérrez, a quen trasladaron o rexeitamento absoluto da Federación á presentación do procedemento concursal da empresa Poligal Packaging SAU, emprazada en Narón, e denunciaron que este procedemento supón a culminación do proxecto de deslocalización e peche que Poligal vén desenvolvendo desde o ano 2011.

claro exemplo de deslocalización da produción da planta galega.

Na reunión analizouse a situación económica actual da empresa e concluíuse que ao redor do 60% da débeda de Poligal Narón está en mans de empresas do propio grupo.



Esta estratexia empresarial concrétese no incumprimento dos seus compromisos de investimento na planta de Narón, froito do acordo do expediente asinado en 2012, que supuxo o despedimento de corenta traballadores, e na súa aposta polas plantas de Portugal e Polonia, nas que si está a investir, nun

A Federación trasladou ao Ministerio a súa intención de traballar conxuntamente cos traballadores e traballadoras de Poligal para a procura dun proxecto industrial da man da actual propietaria ou a través doutros proxectos industriais que garantan os postos de traballo e a capacidade da planta.

A este respecto, UGT FICA reclamou a implicación do Ministerio de Industria para evitar que a Dirección teña a tentación de presentar un procedemento de despedimento colectivo e precipitar o peche da planta de Narón e avogou porque desde a Dirección xeral de Industria se propicie un marco de negociación dirixido a atraer un proxecto de futuro ás instalacións de Narón.

## ARRANCA A EXPOSICIÓN DO 130 ANIVERSARIO DE UGT NO CENTRO SOCIOCULTURAL DE VITE (SANTIAGO) COA VISITA DE ALUMNOS DO COLEXIO COMPAÑÍA DE MARÍA

**Redacción.-** As actividades conmemorativas do 130 aniversario da UGT continúan e, neste caso, a exposición itinerante que abriu as súas portas en Santiago o día 5 no centro sociocultural de Santa Marta trasladouse o martes ao centro José Saramago de Vite.

De aquí pasará ao de Fontiñas para rematar o seu periplo no do Castiñeiriño. O obxectivo é achegar a exposición a todos os composteláns con este percorrido pola cidade.

No José Saramago, en Vite, a exposición permanecerá aberta ata o 23 de abril e foron os alumnos e alumnas do Colexio compostelano Compañía de María os primeiros que a visitaron.



Tras esta visita, Ricardo Turnes (UGT-Compostela-Barbanza) reuniuse no José Saramago cos alumnos e alum-

nas da Compañía de María para explicar-lles o papel do Sindicato na sociedade e os seus 130 anos de historia.

## A MESA NEGOCIADORA DO CONVENIO DE AMBULANCIAS CONTINÚA TRABALLANDO

**Redacción.-** Este luns celebrouse unha nova reunión da mesa negociadora do convenio do transporte sanitario galego. Nesta xuntanza, os sindicatos, así o explica FeSP, comunicaron o resultado favorable das votacións das asembleas do día 20 á parte económica e a partir de agora urxe avanzar nas cuestións de tipo social do resto do articulado do convenio.

Algunhas das materias tratadas foron a modificación no contrato de relevo, as horas da comisión paritaria, a data límite de pago de salarios, o rexistro horario, asistencia xurídica, licenzas retribuídas e días de asuntos propios, a prevención de riscos, o protocolo para a muller embarazada e lactante ou a regulamentación dos contratos en prácticas.

De feito, foi este último o punto máis conflictivo e onde se produciu un maior de-

bate porque a parte sindical deixou claro que non se pode permitir que os contratos en prácticas se convertan nunha bolsa de precariedade no sector.

A seguinte reunión está prevista para o luns, día 1 de abril. Se se chegase a un preacordo en todas estas materias este sería sometido, como se fixo na parte económica, á votación das asembleas.

Na medida en que tivo lugar o acordo na parte económica e que a negociación



está aberta a manifestación prevista para o 27 en Santiago foi desconvocada e quedaría ligada a ter ou non que convocar unha folga indefinida a día de hoxe suspendida.

## UGT GAÑA AS ELECCIÓNS EN PESCANOVA-ARTEIXO

**Redacción.-** UGT vén de gañar as eleccións sindicais na planta que Pescanova ten en Arteixo por maioría absoluta, ao obter cinco dos nove delegados que se elixían.

Así, UGT fíxose con cinco delegados, tres foron para a CIG e o outro

restante para CCOO.

UGT-FICA saúda o resultado, agradece a todos os traballadores e traballadoras a confianza depositada na xestión deste último mandato e na previsión de traballo de cara aos vindeiros catro anos.



## OS TRABALLADORES DE ENCE PERSONARANSE NOS TRIBUNAIS PARA DEFENDER A CONCESIÓN

**Redacción.-** Os traballadores de Ence, tras a explicación dada polo Ministerio de Medio Ambiente sobre o problema orixinado coa prórroga da concesión á factoría, anunciando que este é meramente xurídico, decidiron que se personarán no proceso xudicial ata onde faga falta, ata o Tribunal de Xustiza Europeo se é necesario.

Á reunión celebrada en Madrid acudiron representantes de UGT, CCOO e CIG.

Agora, os traballadores, ademais de estudar a vía xudicial que van seguir, están analizando posibles mobilizacións de cara ás vindeiras datas porque están en xogo moitos postos de traballo non só na cidade de Pontevedra, senón en toda a súa contorna.



## AMPLIO SEGUIMIENTO DA FOLGA CONTRA O ERE TEMPORAL EN BOSCH

**Redacción.-** Este mércores os traballadores de Bosch secundaron, dun xeito masivo, a folga convocada de 24 horas contra o ERE temporal que a empresa impuxo a un total de 562 empregados dos departamentos de HD e Provisión, ambos traballan para Vodafone.

De xeito paralelo á convocatoria de folga, tiveron lugar dúas concentracións na cidade de Vigo nas que os traballadores expresaron o seu malestar coas formas da empresa que, como explicou Mónica Suárez (membro do Comité de empresa FeSMC-UGT), non deu marxe de negociación no proceso do ERTE. Incluso pretendía impoñer un ERTE mensual, mes a mes, e tivo que ser a Xunta a que a frease neste intento.

As malas formas de proceder da empresa a levaron, incluso, a intentar desmobilizar aos traballadores dous días antes da folga reuníndose con eles, á marxe dos representantes sindicais, para intentar convencerlos de que non secundasen a folga e botándolle as culpas de todo ao

Comité de empresa.

Mónica Suárez lembrou que este ERTE comezou a ser operativo no mes de febreiro e que vai dende os 21 días para algúns traballadores ata os dous meses para outros.

Ademais da folga e das concentracións, ao longo destes días os representantes dos traballadores xa tiveron diversas xuntanzas cos grupos parlamentarios e o vindeiro martes, día 2, está prevista unha reunión coa secretaria xeral de Emprego, Covadonga Toca.

Tamén hai outra cita, que probablemente será a vindeira semana, no SMAC. A partir de aquí, segundo o resultado desta reunión, os traballadores estudarán un novo calendario de mobilizacións.



## UGT GAÑA AS ELECCIÓNS EN AIXIÑA CON MAIORÍA ABSOLUTA

**Redacción.-** UGT vén de gañar as eleccións sindicais na Asociación para persoas con discapacidade, Aixiña-Ourense.

Así, UGT con 65 votos consegue 5 delegados; CIG, con 26, 2 delegados; e CCOO, con 11 votos, 1 delegado.

FeSP-UGT agradece o apoio dos traballadores e traballadoras de Aixiña en Ourense e valora positivamente obter un incremento de tres delegados con respecto ás eleccións de hai 4 anos. Isto amosa o respaldo ao traballo feito e ao proxecto de futuro do Sindicato de cara ao vindeiro mandato.



## UGT ASINA OS ACORDOS SOCIAIS DO TRANSPORTE COA CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

**Redacción.-** O pasado mércores nace-ron unhas novas cláusulas de garantías sociais que blindan e fortalecen o tecido laboral do sector de transporte de viaxeiros por estrada en Galicia. As alegacións interpostas por UGT foron vistas con bos ollos polo seu carácter serio e innovador para velar polos intereses dos traballadores e, tras varias negociacións, incorporáronse practicamente na súa totalidade ao texto definitivo, enriquecendo a seguridade laboral das traballadoras e traballadores do sector de transporte de viaxeiros.

A firma definitiva tivo lugar esta semana en Santiago de Compostela onde, UGT, CCOO e CIG asinaron pola parte social e a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, Ethel Vázquez, fixo o mesmo por parte da Administración.

Hai case dous anos, tirando de responsabilidade sindical, FeSMC UGT asinara o primeiro condicionante social coa Administración no referente ao prego de condicións que, con carácter extraordinario e limitado, dera lugar ao concurso público de varias liñas de servizo de transporte público de viaxeiros por estrada.

Este ano é un ano moi importante e crítico para o sector, debido a que saen a licitación a totalidade das liñas regulares de Galicia, sumándose a este feito a integración de practicamente a metade das liñas de transporte escolar de Galicia, ao redor de 1.000 servizos. Definitivamente, preto de 200 contratos, algúns dos cales, de grandes dimensións, decidiranse nas próximas semanas e afectarán directamente a máis de 3.000 persoas traballadoras as cales están afectadas pola subrogación que rexe no sector de transporte de viaxeiros.

A cuestión non era a subrogación, senón as condicións de subrogación e a efectividade da mesma. As novas cláusulas sociais asinadas blindaron aínda máis os dereitos dos traballadores do sector e deron lugar a novos dereitos para facer valer a lexislación vi-

xente e antepoñer os contratos das persoas traballadoras por encima de calquera outro interese.

O acordo asinado por UGT, CIG e CCOO supuxo un antes e despois, permitindo, entre outros:

Fortalecer a subrogación de persoal incluíndo cláusulas de penalización e mesmo de rescate concesional.

Clarificar a subrogación e a aceptación das condicións especiais de cada persoa traballadora coa inclusión da aceptación da subrogación en cada contrato público suscrito.

Incorporación dunha cláusula de equilibrio financeiro do contrato para, entre outros, salvaguardar calquera circunstancia non prevista que poida desequilibralo e co obxectivo de salvaguardar os intereses económicos das persoas traballadoras e facer respectar as condicións económicas derivadas da subrogación e dos convenios colectivos sectoriais.

Vinculación das cláusulas sociais ás causas de resolución contractual.

Outras melloras en materia social: a designación expresa dun centro de traballo a cada traballador (obxecto de controversia no sector). A imposición de regularización de situacións laborais non regularizadas con anterioridade. Impulso de cumprimento de dereitos esenciais de conciliación familiar e laboral, non discriminación por razón de sexo e prevención de riscos laborais.

Impulso da formación en materia de prevención de riscos laborais durante a condución.

Introdución de melloras sociais puntuables na calidade do servizo no momento da adxudicación do contrato.

Acotamento da subcontratación e vinculación total co respecto das condicións laborais derivadas dos convenios colectivos, mesmo



con responsabilidade directa da empresa que utiliza o servizo de contratación. A asunción da contratación directa polo empresario, será tamén elemento puntuable.

Obrigatoriedade de uso de elementos de control de tempos de traballo en todos os servizos para evitar excesos de horas de traballo, principalmente de condución.

Penalización e especial observancia a ofertas anormais, sobre todo no referente ao custo de persoal. Sendo apartadas as que non respecten os convenios colectivos ou condicións de subrogación.

Imposición de sancións económicas por faltas laborais aos contratistas de entre 10.000 e 60.000 euros.

Embargo á empresa incumplidora e depósito xudicial por parte da Administración das contías non cobradas legalmente polos traballadores tras petición de medidas cautelares.

Creación dunha comisión permanente de seguimento do plan con participación directa dos axentes sociais.

Como se dixo, son unhas cláusulas en materia social moi completas e moi importantes, cláusulas pioneiras en todo o territorio nacional polo seu contido específico. UGT estará expectante de que se cumpra o asinado polas empresas que definitivamente realicen cada contrato, sobre todo no referente á subrogación do persoal.

## FESMC DENUNCIA AMEAZAS DE MORTE AOS VIXIANTES DO PROVINCIAL DE PONTEVEDRA

**Redacción.-** FeSMC denuncia que durante os últimos meses estase agravando a problemática das agresións aos vixiantes no Hospital provincial de Pontevedra. Os vixiantes ven como son increpados e insultados a cotío por unha serie de persoas "habituais" ata, incluso, recibir ameazas de morte ao intentar facer cumprir a normativa do centro.

A Federación denuncia que, neste contexto, a dotación de vixiantes nos centros do CHOP está baixo mínimos, sendo, con diferenza, a máis baixa dos hospitais de toda Galicia. Esta carencia xa ocasionou no Hospital do Salnés o robo dun caixeiro.

FeSMC insiste en que resulta moi

complexo exercer as labores de protección coas plantillas mermadas.

Por isto, o Sindicato insta ao Sergas a que estude a posibilidade dun aumento significativo do persoal de seguridade, acorde ao número de servizos que ten cada centro, así como, á afluencia de usuarios que rexistra.

# UGT E FETICO ACADAN UN ACORDO NO ERE DE DÍA

**Redacción.-** Tras un duro mes de negociación, chegouse a un acordo coa Dirección de Día respecto ao paquete indemnizatorio que percibirán os compañeiros/as que se verán afectados polo ERE, e que polo menos, dentro da difícil situación na que nos atopamos, poidan acollerse a un acordo que supere amplamente o estipulado por Lei, ademais doutras medidas que supuxeron rebaixar os afectados/as por este ERE nun 40% (entre desafectacións e vacantes, tanto en DIA como en GEA), co consecuente mantemento do emprego de 819 compañeiros/as que inicialmente estaban afectados. Este conxunto de medidas recolle:

## INDEMNIZACIÓN

Unha compensación económica de 33 días por ano traballado ata un máximo de 24 mensualidades; acórdase que a afectos do cálculo da indemnización téñase en conta as variables obtidas polo traballador/a (tramos na rede de tendas, incentivos de produtividade nos almacéns e bonus do ano 2017 percibido no 2018 nas oficinas).

## FORMACIÓN E RECOLOCACIÓN

A contratación de dúas empresas de recolocación por un período de 9 meses e de 12 meses para maiores de 45 anos: Right Management: persoal de tendas, almacéns e oficinas; Le Hecht Harrison: directivos e mandos intermedios.

## CONVENIO ESPECIAL SEGURIDADE SOCIAL

Para o persoal que vexa extinguido o seu contrato, a Empresa farase cargo do pago do Convenio Especial da Seguridade Social naqueles afectados/as desde os 55 ata os 63 anos, para os maiores de 61 ata os 64 anos e para os maiores de 62 ata os 65 anos.

## TRASLADO A OUTRO ALMACÉN

Acórdase para os compañeiros/as que accedan a unha vacante noutra almacén, que implique traslado de domicilio o seguinte: abono dos gastos de mudanza; 4 días de permiso retribuído, a maiores dos 2 que establece o Convenio (6 días en total); e pago de 2.000 euros de aluguer (4 meses x 500 euros cada un)

## PLAN DE PREXUBILACIÓN

Acordouse tamén un plan de prexubilación para os compañeiros/as afectados: traballadores de 62 anos: compensación económica do 90% do seu salario neto, ata os 65 anos; de 61 anos: o 90% do seu salario neto ata os 64 anos; de 60 anos: o 90% do seu salario neto ata os 63 anos; de 59 anos: o 85% do seu salario neto ata os 63 anos; de 57 e 58 anos: o 80% do seu salario neto ata os 63 anos. A idade requirida é a 25 de marzo de 2019.

## INTERCAMBIABILIDADE

Tamén se acordou que aqueles traballadores/as que queiran abandonar a empresa de maneira voluntaria, poidan facelo recibindo a súa indemnización, sempre que se cambien por algún traballador/para afectado nas mesmas condicións. Para iso, establécese un prazo de 7 días á firma do acordo para que comuniquen a súa intención á empresa.

## BOLSA DE EMPREGO

Acórdase unha bolsa de traballo durante un ano, que consiste en que, se a empresa necesita contratación, ten a obriga de cha-



mar primeiro aos afectados polo ERE.

## PERÍODO DE ADAPTACIÓN

Establécese un período de adaptación de 6 meses para os compañeiros/as que se trasladen a outro almacén. En caso de non adaptación poderán optar ás condicións do acordo se non se adaptan.

## CARNÉ DE CARRETILO

Acórdase que a empresa de recolocación Right Management imparta a formación aos carretilleros afectados por este expediente, para a consecución do carné profesional de maneira grauíta.

## VENDA DE TENDAS

Acórdase poñer á venda as tendas que pechan, para tentar manter o posto de traballo, así como as condicións salariais dos traballadores/as afectados (en caso de non ser así, garántense as condicións do acordo). Os traballadores/as que ocupen estas vacantes terán o horario e a distribución da xomada de centro de destino.

## COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Acórdase a creación dunha comisión de seguimento, composta por dous membros por Sindicato asinante.

# PEPE ÁLVAREZ FAI UN CHAMAMENTO PARA FREAR O AVANCE DA EXTREMA DEREITA

**Redacción.** O secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, manifestou que “o sindicalismo europeo pode e debe facer unha achega importante para frear unha situación, máis ou menos latente en toda a UE, como é o avance da extrema dereita, con posicións xenófobas e discriminatorias” e dixo que o Congreso da Confederación Europea de Sindicatos (CES) será un bo momento para establecer políticas.

Álvarez, que fixo estas declaracións durante a súa intervención na reunión do Comité Executivo da CES, que se celebrou en Bruxelas, sinalou que o ciclo electoral no noso

país está por determinar, pois todas as enquisas din que hai un 30% dos cidadáns que non decidiron a quen van votar, “o que nos sitúa nunha certa incerteza, de se se poderá conformar un Parlamento cunha maioría de progreso”. Neste sentido, lembrou que nas eleccións de Andalucía tamén había un 20% de cidadáns indecisos.

Tamén se referiu ao momento que vivimos en relación co Brexit e as súas consecuencias, para os traballadores e traballadoras. Lembrou o “berro unánime das mulleres e de moitos homes esixindo igualdade” que se

produciu o 8 de marzo, Día internacional da Muller.

Así mesmo, advertiu sobre o proceso de descarbonización que se está producindo no noso país, seguindo as resolucións da Comisión Europea e que “está a xerar verdadeiros problemas nunhas comarcas no noso país, non só polo peche das minas do carbón, senón polo que fai referencia ás centrais térmicas. Necesítase un proceso de reindustrialización claro e, neste sentido, a UE ten que expor alternativas para promover a creación de novas actividades neses lugares”.

# OS SALARIOS REAIS VOLVERON DESCENDER EN ESPAÑA EN 2018

**Redacción.-** Segundo o informe “Análise comparativa da Europa traballadora 2018”, publicado polo Instituto Sindical Europeo”, os países afectados pola combinación de austeridade e erosión da negociación colectiva mostran fortes descensos na participación dos salarios sobre o PIB. Este é un dos principais elementos dun escenario no que o comportamento salarial, a varios niveis e en multitude de países, non reflectiu situación de crecemento económico.


O informe “ Benchmarking working Europe” (Análise comparativa da Europa traballadora) correspondente ao ano 2018, presentouse esta semana na sede do ETUI (Instituto Sindical Europeo), en Bruxelas. Este informe, de periodicidade anual, analiza as características da recuperación; a sustentabilidade do crecemento económico; a súa distribución; a cantidade e calidade do emprego creado e incorpora un estudo sobre como avanzar na introdución de prácticas democráticas nos centros de traballo.

De acordo coa análise realizada polo ETUI no que respecta á política económica, “varios problemas non se abordaron durante a recuperación e, por tanto, persisten”, destacando especialmente o baixo incremento da produtividade e en relación con iso, aínda que non só, as tamén baixas taxas de crecemento do PIB.

O Instituto Sindical Europeo critica o modo en que se alcanzou a recuperación dos niveis de emprego afirmando que “Aínda que a cantidade de persoas empregadas regresou aos niveis anteriores á crise, os empregos en si mesmos e os traballadores que os desempeñan cambiaron significativamente”. Póñense de manifesto certas asimetrías. Por exemplo “mentres que o nivel de logro educativo entre os traballadores aumentou, a calidade dos empregos que se lles ofrece diminuíu en moitos aspectos”.

O informe da ETUI destaca que un dos resultados máis claros da recuperación económica é “a expansión de varias formas de emprego non estándar, como o traballo temporal, os traballos de curta duración, a subcontratación ou o traballo en plataforma”, valorando que “este tipo de traballo comporta múltiples riscos para os traballadores, incluído un maior risco de pobreza laboral e está asociado á profundización das desigualdades sociais”.

En canto á evolución salarial ao longo de Europa, o ETUI resalta que “os salarios reais están a quedarse por de-



trás da produtividade en quince Estados membros”. Como resultado “a participación dos salarios no PIB continúa diminuindo”, valorando que “nestes países os traballadores non recibiron a súa parte xusta da riqueza que axudaron a xerar”.

O ETUI pon de manifesto o que, a teor dos resultados observados, é un trazo negativo e a corrixir da recuperación: “tras cinco anos de crecemento económico, a desigualdade salarial aumentou, a porcentaxe de traballadores pobres segue estando por encima do seu nivel anterior á crise e máis persoas que nunca teñen contratos de traballo atípicos”.

Aínda que o informe da ETUI faise para o ámbito europeo, moita da súa información preséntase desagregada por países. A pesar de que non se entra nunha análise pormenorizada destes, si que se manifestan as situacións máis destacadas que poidan darse.

## Situación en España

Por exemplo, comentando a tendencia á redución dos tipos máximos nos impostos “España é, xunto con Finlandia, Dinamarca e Alemaña, un dos países onde se observou unha redución maior que a media”.

Así mesmo, destácase que España é o país con maior taxa de temporalidade, e que esta é indesexada nun 85% dos casos.

É na evolución dos salarios reais onde España presenta un balance especialmente negativo. Así, por exemplo, é o terceiro país europeo por diferencial negativo de salarios reais respecto á produtividade, sendo este de 15 puntos por-

centuais nos últimos 10 anos. A evolución á baixa dos salarios reais aínda contiñou en 2018 cun descenso do 0.7%.

O caso español presenta similitudes con outros países, especialmente afectados pola crise de débeda do ano 12, e para os que se prescribiron simultaneamente axuste fiscal e reformas que erosionaron a negociación colectiva. O resultado combinado destas medidas produce que os salarios perdan peso na composición do PIB. En España este peso retrocedería 5 puntos porcentuais nos últimos 10 anos.

Por tanto, os resultados españois volven ser unha proba para reclamar o cumprimento do Acordo de Negociación Colectiva, alcanzado a finais do ano pasado, e que contempla alzas salariais que corrixan a situación acumulada nos últimos anos.

O ETUI, por mor das conclusións do seu informe, avoga por unha recuperación dos salarios en toda Europa. Ao mesmo tempo, posiciónase en favor de recuperar o investimento público. Tamén se recomenda materializar os artigos contemplados no Alicerce Europeo de Dereitos Sociais. Isto enmárcase nunha reflexión crítica sobre os programas de austeridade impulsados en Europa, destacando como as recomendacións erosivas sobre a negociación colectiva deberían abandonarse.

Para o ETUI, a conexión entre a falta de redistribución dos resultados económicos cara os salarios está moi relacionado co desencanto político cara ás institucións comunitarias e o auxe de ideas políticas cun compoñente identitario nacionalista, excluínte e euroescéptico.

# É NECESARIO UN GRAN PACTO DE ESTADO SOBRE A VIVENDA

*España necesita un millón e medio de vivendas públicas*

**Redacción.** - “É necesario poñer o problema da vivenda na axenda política para as eleccións para que, unha vez que se celebren os comicios, póñanse en marcha políticas sociais en materia de vivenda”.

A secretaria de Políticas sociais, Emprego e Seguridade Social de UGT, M<sup>ra</sup> Carmen Barrera, realizou estas declaracións nunha rolda de prensa previa á celebración dunha xornada sobre vivenda, organizada por UGT.

Mari Carmen Barrera subliñou que estas xornadas pretenden poñer a problemática do acceso á vivenda no centro do debate social e “destacar a necesidade de levar a cabo reformas legislativas que incorporen o dereito a unha vivenda digna e adecuada, cando se careza de recursos, como un dereito real que se poida invocar diante dos tribunais e os poderes públicos de maneira que as situacións de desafuzamento, de lanzamentos por falta de pagamento ou execucións hipotecarias poidan ter un tratamento diferente ao que teñen actualmente, xudicialmente falando”.

“Queremos que os cidadáns se sintan protexidos nese dereito á vivenda”, engadiu, “e queremos que se desenvolva porque cremos que o Estado de Benestar deixou de lado o dereito á vivenda, nin hai unha verdadeira política social en materia de vivenda”.

Barrera sinalou que “é prioritario dar solución aos problemas de acceso á vivenda en condicións dignas dos traballadores e traballadoras do noso país pero tamén para aquelas persoas con máis dificultades de acceso á vivenda así como outra cuestión moi importante que debería ter un tratamento especial nesas políticas sociais de vivenda que é como dar solución ás persoas que sufriron un desafuzamento, un lanzamento do seu fogar ben sexa por unha execución hipotecaria ou pola falta de pagamento do aluguer”.

## Especial protección aos máis vulnerables

Mari Carmen Barrera lembrou que, aínda que xa non se fala diso nos medios de comunicación, “segue habendo desafuzamentos en España. De feito, segundo o último informe do Consello Xeral do Poder Xudicial, taxa en case 57.000 os desafuzamentos en 2018, 37.000 deles por falta de pagamentos de aluguer e case 19.000 por execucións hipotecarias”.

“Ese é o drama da vivenda en España



ao que hai que darlle unha solución que pasa por unhas políticas que, no futuro, consigan dar unha resposta desde o social, cunha participación do financiamento do público a través do ICO e cunha serie de medidas que doten de transparencia a un mercado absolutamente opaco e que favoreceu todo tipo de especulacións e a creación dunha tremenda burbulla inmobiliaria nos anos pasados que lle custou moito sacrificio e moita dor aos cidadáns e cidadás”.

“Queremos que haxa máis transparencia, mellor xestión desde o público, control de prezos dos alugueres e que, en definitiva, non haxa abusos e que os cidadáns que necesiten unha vivenda en condicións dignas poidan acceder a ela”, engadiu.

## Expór solucións urxentes

A secretaria de Políticas Sociais, Emprego e Seguridade Social de UGT destacou que o prezo das vivendas creceu ata un 26% desde que comezou a recuperación, así como o aumento do prezo do aluguer, que creceu ata un 30%, mentres que os salarios creceron tan só un 2,1%. Unha situación de absoluta desvantaxe para os traballadores porque se pode dicir que coa recuperación creceron os prezos dos alugueres ata 15 veces o que creceron os salarios (entre 2014 e 2018).

Por iso, “é necesario que o investimento en vivenda alcance os niveis europeos e que a dotación dos parques públicos de vivendas sociais alcance cifras como as de Alemaña, cun 57%, Holanda, cun 47%, ou Inglaterra que ten ata un 20% de vivenda

social”.

“Hai que desenvolver reformas legislativas que incorporen o dereito a unha vivenda digna e adecuada como un dereito real e que, ademais, como complemento a ese dereito, que se estableza, o acceso a unhas subministracións básicas para persoas e unidades familiares con situacións de vulnerabilidade”.

“É absolutamente necesario”, explicou “que se dote ao noso país dun parque social de vivenda, xestionado por instrumentos públicos con total transparencia e condicións igualitarias en todo o país e con participación do ICO”.

“Esas políticas teñen que poñer en valor ademais a vivenda no medio rural porque temos unha España que se está quedando baleira porque non hai ningún tipo de política de vivenda destinada a esas zonas rurais para fixar a poboación nestes lugares que contribúa á integración e a cohesión da poboación”. Ademais, hai que implementar medidas para asegurar que os nosos maiores acceden a vivendas en condicións dignas.

“Para terminar, fai falta unha política moito máis decidida de rehabilitación de vivendas e todo iso con incremento importante do financiamento da vivenda que nos últimos anos o Goberno reduciuna practicamente a cero. A porcentaxe do PIB que se destina a vivenda ten que alcanzar como mínimo o 1,5% do PIB pois sen investimento público en vivenda non se poden solucionar os problemas de acceso á vivenda e de condicións dignas”, finalizou.

## UNHA LEXISLACIÓN MÁIS EFECTIVA CONTRA AS SUBSTANCIAS PERIGOSAS NO TRABALLO

**Redacción.-** A secretaria de Saúde Laboral e Medio Ambiente de UGT, Ana García de la Torre, reclamou “unha lexislación máis efectiva contra as substancias perigosas na contorna laboral. Segundo as diferentes Enquisas Nacionais de Condicións de Traballo, aumentou o número de traballadores e traballadoras expostos durante máis dunha cuarta parte do seu tempo de traballo a manipular produtos ou substancias químicas. Hai que mellorar as leis e vivir o seu cumprimento para poder acabar con esta secuela, porque cada ano prodúcense máis mortes por este tema”.

Ana García de la Torre realizou estas declaracións durante a súa intervención no Certame Integral da Prevención e o Benestar Laboral (Laboralia), onde sinalou que “80.000 persoas morren ao ano na Unión Europea por cancros relacionados co traballo, das cales en España son unhas 9.500”.

Con todo, denunciou que “no noso país os cancros de orixe laboral son invisibles. Moitos non están recoñecidos como laborais, coma se non existisen a ollos da prevención de riscos. E o que non se ve, non se prevé, polo que é primordial solucionar este problema de infradeclaración”.

Cancros producidos por axentes quími-

cos como o amianto ou o radón. “UGT está a loitar por mellorar a prevención da exposición a estes dous axentes, cunha guía para a protección das vítimas do amianto, que inclúe un manual de axuda aos delegados e delegadas de prevención; ou unha guía do radón no ámbito laboral co seu manual de axuda tamén para delegados e delegadas, que constitúe unha ferramenta moi útil para prever estes axentes”, sinalou.

En relación ao amianto, a secretaria de Saúde Laboral e Medio Ambiente de UGT reclamou “a creación dun Fondo de Indemnización das Vítimas do Amianto, que coa convocatoria de eleccións paralizouse e esperamos que sexamos capaces de pechalo na nova lexislatura”.

Neste sentido, lembrou que, segundo a OIT, “anualmente falecen no mundo máis de 100.000 persoas pola exposición ao amianto. Segundo a OMS, só na UE rexistráronse entre 20.000 e 30.000 novos casos de enfermidades relacionadas co amianto anualmente”.

Por iso, desde UGT “seguiremos traballando estreitamente coas asociacións de vítimas do amianto para que se consiga canto antes este fondo, algo de xustiza para os afectados e os seus familiares”.

En relación ao radón, Ana García sinalou que “o noso país debía ter trasposto xa ao noso ordenamento xurídico, a través dun Regulamento, a Directiva 2013/59/ Euratom, pola que se establecen normas de seguridade básicas para a protección contra os perigos derivados da exposición a radiacións ionizantes”.

Un Regulamento “importante” porque “regula o radón, que segundo a OMS é a segunda causa de cancro de pulmón, por detrás do cancro de tabaco, levándose só en España a 1500 persoas por diante pola exposición a este gas”.

Con todo, denunciou tamén a súa infradeclaración como enfermidade profesional. “O último dato do que dispoñemos é que só 75 empresas estaban inscritas en 2017 na lista de centros que realizan actividades coa exposición a este gas. Como exemplo, en España hai 111 balnearios (onde se usa este gas principalmente), e só hai declarados 12, algo que resulta insignificante”.

Neste sentido, esta subdeclaración “permite ás empresas eludir a acción inspectora da Administración, desprotexendo aos traballadores e traballadoras fronte a este risco”.

## O ANTÍDOTO PARA UNHA DIXITALIZACIÓN LABORALMENTE INTEGRADORA CHÁMASE FORMACIÓN

**Redacción.-** UGT leva tempo sinalando que as novas tecnoloxías da información e a comunicación, a dixitalización e, en definitiva, todo este vertixinoso proceso que demos en chamar “Revolución 4.0” ou “Cuarta Revolución”, non debe ser estigmatizado, pois as tecnoloxías non son boas ou malas en si mesmas, senón en función de como se apliquen na mellora -ou deterioración- da vida dos cidadáns e do mundo do traballo.

Para iso, como sinala o consultor en novas tecnoloxías de UGT, José Varela, é fundamental adiantarse ás posibles consecuencias e definir marcos regulatorios que protexan o interese xeral e, especialmente, o dos traballadores e traballadoras. En definitiva, “avanzar cara a un novo Contrato Social para o século XXI” que concilie os avances tecnolóxicos e dixitais cos intereses dos traballadores e as traballadoras.

De todo o anterior falouse nunha xornada sede de UXT en Avda de América

(Madrid), no seminario sobre dixitalización, no que se abordaron asuntos concretos relativos ás implicacións das novas tecnoloxías nas condicións laborais; o desenvolvemento dun concepto novo

e de gran interese: a denominada “fenda dixital de habilidades”, como unha das principais barreiras para a transformación dixital no noso país; tamén sobre “o futuro do emprego e o emprego do futuro” nunha contorna maquinizada desde un enfoque “tecnorealista”, é dicir, desde unha visión crítica respecto ao rol que asumen as novas tecnoloxías na nosa vida cotiá.

Para facer fronte a estes desafíos, o experto en dixitalización de UGT profundou nas distintas propostas do Sindicato para revelarse como un axente proactivo ante este panorama non exento de in-



certezas; alternativas, todas elas, sostidas sobre principios de acción que buscan “anticipar as consecuencias desta revolución, preparar a forza de traballo e construír redes de seguridade”. En definitiva, o que sinalou o conferenciante é que se nos están dando avisos desde distintos centros de poder, como a Unión Europea, que afirma “que se destruírán 6 millóns de empregos en España durante a próxima década” dentro do marco da revolución dixital se non se toman as medidas adecuadas. E parece ser que aquí, en España, moitos políticos e empresarios non se dan por aludidos.